Para sabe-lo motivo que conduce ós consumidores insatisfeitos a non reaccionar, DAY e ASH (1979) pedíronlles ós entrevistados que indicaran cal de catro posibles razóns —«Non creo que compense o tempo e o esforzo», «Desexo facer algo, pero nunca o fago», «Non creo que facer algo cambie a situación», «Non sei que facer nin onde ir para recibir axuda»— era a que «explicaba mellor por que non facía nada».

A primeira resposta é a do «decisor racional», xa que evidencia unha análise dos custos e beneficios resultantes. A decisión basease neste caso na conclusión de que os custos exceden ós beneficios. Por causa da súa aparencia racional pódese sospeitar que algúns individuos escolleran esta resposta para evitar unha menos respetable anque máis exacta. A segunda é a do «irresoluto»; a terceira, a resposta do «derrotista»; e a cuarta, a do «desinformado». Os resultados obtidos para produtos non-duradeiros, duradeiros e servizos recóllense na táboa 4.

TÁBOA 4

RAZÓNS QUE DAN OS CONSUMIDORES INSATISFEITOS PARA NON FACER NADA

Razóns	Non-duradeiros		Duradeiros		Servizos	
	n	%	n	%	n	%
Non creo que compense o tempo nin o esforzo	31	51,7	16	43,2	10	27,8
Desexo facer algo, pero nunca o fago	5	8,3	2	5,4	0	0,0
Non creo que facer algo cambie a situación	15	25,0	13	35,1	18	50,0

Razóns	Non-duradeiros		Duradeiros		Servicios	
	n	%	n	%	n	%
Non sei que facer nin onde ir para recibir axuda	9	15,0	6	16,3	8	22,2
TOTAL	60	100,0	37	100,0	36	100,0
Tamaño da mostra	121		119		125	

Fonte: DAY e ASH (1979)

A primeira opción era modal para produtos duradeiros e non duradeiros; a terceira era para os servicios e situábase nun segundo lugar bastante próximo para os produtos duradeiros. As respostas parecen consistentes coas diferencias nos tipos de produto/servicio. En efecto, o seren os produtos non-duradeiros tipicamente de pouco valor, a explicación «non compensa o tempo nin o esforzo» podería esperarse; por outra banda, a natureza intanxible dos servicios resulta consistente coa elevada incidencia da resposta «derrotista». Aínda que os resultados parecen razoables, a investigación futura deberá probar con maior profundidade as razóns que levan a moitos consumidores a non facer ningún esforzo para obter remedio cando viven experiencias fortemente insatisfactorias.

3.2. Deixar de compra-lo produto ou cambiar de marca

Os consumidores que son incapaces de ignorar a insatisfacción, pero que desexan resolvela de xeito privado poder modifica-lo seu futuro comportamento de compra. O estudio de Nielsen and Co. (1975) rexistrou que cando os compradores de produtos de supermercado adquirían artigos insatisfactorios deixaban de comprar esa categoría de produto nun 19% dos casos e cambiaban a outra marca nun 25%.

LEIGH e DAY (1979) atoparon que o 26,3% dos consumidores insatisfeitos con produtos non-duradeiros que realizaron algunha acción, decidiran cambiar de marca e 10,3% resolvera deixar de usa-lo produto (Táboa 5)

TÁBOA 5

ACCIÓNS PRIVADAS TOMADAS POLOS CONSUMIDORES INSATISFEITOS DE PRODUCTOS NON-DURADEIROS

Tipo de acción privada	n	%
Deixar de compra-la marca	56	26,3
Deixar de usa-lo produto	22	10,3
Renunciar a comprar nese comercio	26	12,2
Advertir á familia e amigos	52	24,4
Total accións privadas	156	73,2

Fonte: LEIGH e DAY (1979)

Pola súa banda, unha enquisa de cobertura nacional (TARP, 1979) rexistraba que, dependendo da natureza da insatisfacción, entre un 30% e un 90% dos consumidores que se sentían insatisfeitos manifestaban intención de non volver compra-la marca en cuestión.

Na análise explicatoria realizada polo autor e xa citada atopouse que a reacción maioritaria das consumidoras insatisfeitas de produtos de coidado persoal que actuaban dalgún xeito era simplemente non recompra-la marca causante do problema.

O cambio de marca oponse ó comportamento de compra repetida e ó de lealdade. Moita da literatura neste dominio interesouse pola conceptualización e medida deste último constructo (Bastida e Varela, 1984), polo que non se coñece suficientemente con que frecuencia ocorre o cambio de marca, como inflúe a natureza da insatisfacción, nin que clases de produtos son máis susceptibles desta resposta. Sábese, así e todo, que a taxa é elevada en produtos de supermercado.

3.3. Comunicación interpersonal negativa

Na investigación de Nielsen and Co. (1975) máis do 45% dos entrevistados rexistraron que contaran os seus amigos a experiencia insatisfactoria e que lles recomendaron non comprar ese produto ou servizo —desafortunadamente estas advertencias só teñen valor psíquico para o usuario, xa que non pode proporcionarlle remedio satisfactorio. Do mesmo xeito, datos recollidos por DIENER e GREYSER (1978) indican que o 34% dos insatisfeitos falaba ós seus coñecidos da experiencia negativa.


No estudio da resposta consistente en falar ós demais -tamén denominada comunicación «boca-orella» (BO)- da experiencia negativa vivida practicamente limitouse a rexistra-la súa incidencia, sen considera-las razóns que conducen a algúns consumidores a implicarse en tal conducta. Esta carencia resulta desafortunada xa que existe evidencia de que: (a) os consumidores dan gran importancia á información negativa nas súas avaliacións; e (b) as comunicacións interpersoais, en canto que non controladas polas empresas, teñen un gran peso na formación de opinións, e máis, canto maior sexa a similitude percibida entre o suxeito emisor e o receptor.

Nunha das poucas investigacións publicadas sobre o tema RICHINS (1983) verificou que a tendencia a se implicar en BO negativa é máis grande canto: (a) máis severo é o problema asociado á insatisfacción; (b) máis se sitúa a culpa da insatisfacción fóra do propio consumidor; e (c) máis negativa é a percepción da sensibilidade do detallista ás reclamacións. Daquela, perante unha experiencia negativa de suficiente intensidade, se o consumidor insatisfeito cre que os seus intentos de atopar remedio a través das canles de marketing non terán éxito, elixirá probablemente a opción de advertir ós seus amigos e coñecidos.

3.4. Accións Públicas

A incidencia das actuacións públicas é inferior á das restantes respostas posibles. No estudio de LEIGH e DAY (1979) sobre produtos non-duradeiros, só o 26,8% das accións dos consumidores eran «públicas» (Táboa 6). Adicionalmente, no caso de que ocorreran, a grande maioría limitábase a contactar o nivel detallista. En efecto, as cifras indican que o 15,5% dos entrevistados devolvía os artigos insatisfactorios ó vendedor para a súa substitución ou para o reintegro do diñeiro pagado, e o 9,4% reclamaba ó punto de venda. Unha porcentaxe significativamente menor queixábase ó fabricante (1,4%) e só un

individuo se puxera en contacto con axencias externas á canle de distribución. Estes resultados parecen evidenciar unha xeneralización das políticas de substitución nos establecementos comerciais.



Fonte: Moalister y Pessemier (1982, p. 312)

FIGURA 2

TÁBOA 6
ACCIONES PÚBLICAS REALIZADAS POLOS CONSUMIDORES
INSATISFEITOS CON PRODUCTOS NON DURADEIROS

Tipo de acción	n	%
Pedir ó vendedor a substitución do produto ou a devolución do precio	33	15,5
Reclamar ó vendedor	20	9,4
Reclamar ó fabricante	3	1,4
Reclamar ó Better Bussines Bureau	1	0,5
Reclamar perante axencias gubernativas	0	0,0
Reclamar perante organizacións privadas de defensa dos consumidores	0	0,0
Iniciar unha acción legal	0	0,0
Total accións públicas	57	26,8

Fonte: LEIGH e DAY (1979)

Xa que logo, aínda que os datos estan lonxe de ser definitivos, os esforzos dos consumidores á hora de buscar remedio á súa insatisfacción parecen dirixirse primordialmente ós vendedores e, en moita menor medida, ós fabricantes. Obviamente, se a información sobre as queixas alcanza só raras veces os fabricantes, infírese que a taxa de reclamacións rexistrada neste nivel subestima enormemente a insatisfacción dos consumidores.

Na nosa análise exploratoria só unha consumidora sinalou que intentara devolver-lo produto á empresa fabricante. Ningunha dicia haber contactado con organismos gubernativos -nacionais e locais- nin con asociacións para a defensa dos dereitos dos consumidores; tampouco ningunha iniciara accións legais. Estes datos, aínda que orientativos polas características do estudo, semellan constatar un comportamento inhibitorio excesivamente estendido no noso país, xa que se observou que os individuos que mais fan oír-la súa voz, que reclaman máis, posúen un perfil socialdemográfico definido por maior xuventude e rendas, e educación formal superiores á media (Diamond, Ward e Faber, 1976).

Os factores que inciden na realización de reclamacións son múltiples. Co fin de reduci-la complexidade do esquema interpretativo, os investigadores deben identificar e concentrarse nun conxunto limitado que inflúa significativamente. Nesta liña cinco variables parecen básicas: (a) a intensidade da insatisfacción e as atribucións dos consumidores sobre a culpa deste resultado; (b) a importancia do produto; (c) a sensibilidade da empresa no tratamento das reclamacións; (d) as características persoais dos consumidores; e (e) a facilidade para reclamar en organismos de consumo, públicos ou privados.

Pódese hipotetizar que a acción de reclamar dependerá da importancia do produto para o consumidor, que é función do seu custo, o indispensable que resulta na vida diaria, o tempo de busca, o dano físico que provoque e a implicación do eu. Agora ben, amais de que o produto sexa importante requírese que a insatisfacción sexa de suficiente intensidade. TSE e WILTON (1988) sinalan que a magnitude da insatisfacción dependerá das expectativas do consumidor da súa desconfirmación e do rendemento do produto.

Segundo un estudio da «Office of Consumer Affairs» (1976), o 56% dos que non reclaman afirman que facelo non compensa o tempo nin o esforzo necesarios.

Para estudia-la relación entre os custos e beneficios de reclamar e o comportamento de reclamación, RICHINS (1980) desenvolveu unha lista de resultados posibles non desexados —custos—, que incluía, entre outros, a obrigação de facer unha viaxe especial, a necesidade de rifar con alguén e a posibilidade de ser tratado rudamente. Tamén elaborou unha lista de once resultados favorables —beneficios—, tales como obter o reembolso do precio ou a substitución do produto. Os entrevistados preguntaban a probabilidade percibida de que ocorrera cada un dos custos e beneficios en relación con dous produtos, un vestido e un electrodoméstico.

Atopouse que a probabilidade percibida de ocorrencia dos diversos custos non variaba significativamente entre os dous produtos. Había máis diferenza con respecto ós beneficios, sendo máis elevados no caso do electrodoméstico co no do vestido. Tamén existían diferen-

cias nos remedios: o electrodoméstico xeralmente reparábase, mentres que para o vestido había unha maior probabilidade de substitución e de reintegro do precio.

O feito de non reclamar pódese deber, do mesmo xeito, ó escepticismo dos consumidores sobre a resposta das empresas; noutras palabras, os consumidores poden ter a idea de que a súa protesta non terá consecuencias xa que os fabricantes non farán nada. No noso estudio esta resposta dábana practicamente a metade das entrevistadas, mentres que a outra metade agardaba unha actuación máis positiva.

Unha política de resposta favorable, que traduce unha elevada sensibilidade da empresa ás reclamacións —como sucede cando o artigo pode ser cambiado de xeito rutinario, simplemente visitando o punto de venda—, estimulara as substitucións e incrementara a satisfacción. Na investigación de RICHINS (1983) atopouse que a elección entre BO e comportamento de reclamación viña influenciada pola percepción do consumidor sobre a sensibilidade da empresa vendedora. Pola súa banda, case tódolos consumidores (o 92%) insatisfeitos que chamaron á «líña quente» puxéranse previamente en contacto —persoalmente (38%), telefonicamente (37%) ou por carta (25%)— co fabricante ou co detallista.

O termo «propensión a reclamar» suma variables sociodemográficas e de estilo de vida. Os que reclaman xeralmente teñen educación formal máis elevada co promedio, ingresos máis altos, son máis novos e teñen actitudes cara ós negocios máis negativas (Diamond, Ward e Faber, 1976). Pola súa parte, a análise correlacional de BEARDEN (1980) revelou que a «actitude cara o acto de reclamar» relacionábase significativamente ($p < .10$) coa «propensión a reclamar».

5. Política de consumo

Aínda que as políticas de consumo adoitan categorizarse como protectoras, educativas ou informativas, existen notables dificultades á hora de situar unha acción concreta claramente nun dominio. Isto sucede de xeito evidente no caso das actuacións públicas que teñen que ver coa insatisfacción dos consumidores.

O comportamento público referente as queixas dos cidadáns con produtos pódese deseñar sobre tres pilares básicos: (a) prevención; (b) garantías; e (c) recollida e tratamento das reclamacións.

A acción preventiva supón un esforzo por controla-las características dos produtos disponibles no mercado, de estar alerta sobre a veracidade das comunicacións emitidas polas empresas —para que as expectativas dos consumidores non sexan infradas de xeito irrealista— e, no seu caso, ofrecer información «obxectiva». Respecto desta última actuación observouse (Varela, 1988) que a maioría dos consumidores implícase en moi pouca busca activa de información externa previamente á compra, incluso para produtos de precio elevado. Este comportamento sinálase a miúdo como o causante do fracaso das campañas gubernativas que tratan de favorecer compras máis «racionais».

Do mesmo xeito que para estimular outras accións, a información amparada polos organismos gubernativos só terá o impacto deseado se se facilita ó máximo a súa adquisición pasiva polos consumidores; e dicir, se o custo de obter a información e o esforzo cognitivo

de trata-la resulta suficientemente baixo para competir coa información proporcionada polas fontes empregadas polos consumidores.

Outra posible actuación é a través dunha política de garantías sobre a calidade e/ou rendemento dos produtos. A garantía pode ir dende simples proposicións sobre algún atributo do produto (p.e. de pura la) ou o seu rendemento (p.e. se non queda satisfeito devolvémoslle o seu diñeiro) a documentos complexos que limitan as responsabilidades legais dos fabricantes.

Aínda que normalmente se presta atención ás garantías no ámbito dos produtos duradeiros —o que é natural tendo en conta que moitos supoñen grandes investimentos e en caso de malfunción serios inconvenientes—, existe pouca presión sobre as garantías escritas en produtos de baixo precio. Sen embargo, este artigos contabilizan unha grande porcentaxe do gasto total dos consumidores.

O esforzo na recollida e tratamento das reclamacións debe traducirse no compromiso de recursos públicos para o establecemento de unidades organizativas coa misión de buscar solucións adecuadas ás queixas manifestadas polos consumidores.

A actuación no dominio das reclamacións debe partir do recoñecemento da diferente natureza dos produtos. Así, para artigos de compra frecuente e baixo precio non debe esperarse unha forte orientación dos consumidores cara ás axencias de consumo, incluso aínda que se facilite o acceso ás mesmas, xa que os consumidores parecen percibi-lo mecanismo do mercado como suficiente para penalizar-las insatisfaccións e mante-la competencia, evidentemente sempre que non teñan consecuencias graves sobre o benestar social.

Daquela, o esforzo debería enfocarse primordialmente ó tratamento daquelas experiencias de insatisfacción que a maioría dos consumidores percibe como importantes, é dicir, basicamente as relativas a produtos de consumo duradeiros e servizos. A administración debe ensina-la súa sensibilidade ás queixas lexítimas dos cidadáns; debe dar a coñece-la existencia das oficinas de consumo e a súa localización nos medios de información utilizados habitualmente polos individuos, debe explica-lo proceso a seguir na reclamación, indicando a persoa responsable con quen se debe entrar en contacto; e debe esforzarse pola resolución rápida dos casos co fin de evitar escepticismos e novas insatisfaccións. Neste punto, cabe sinalar que os problemas con empresas de servizos teñen unha resolución completa moito máis difícil que con produtos tanxibles.

Como táctica de desenvolvemento inicial pode optarse polo acercamento ós cidadáns máis receptivos a este servizo, para acadar deste xeito notoriedade que sirva para rompe-la inercia inhibidora. Posteriormente —o máis axiña posible— o esforzo deberá dirixirse de xeito especial ós máis desfavorecidos. Nesta fase deberán programarse coidadosamente accións tendentes a lograr solucións satisfactorias a problemas de reparación e servizo postventa. En efecto, as queixas sobre estes aspectos parecen especialmente relevantes nos fogares de nivel socio-económico baixo, o que posiblemente suxire que este grupo social compra bens de calidade inferior ou de empresas con servizos técnicos pouco controlados ou ineficaces, o que mantén os produtos durante máis tempo, polo que se enfronta a un maior número de problemas de reparación.

6. Conclusións

É tempo de interesarse por comprende-lo que sucede unha vez que os consumidores experimentan insatisfacción cos produtos. Existen razóns suficientes para xustifica-la preocupación das empresas e da Administración Pública por este fenómeno. As primeiras en razón da ruptura do patrón de compra da marca e das comunicacións interpersoais negativas posiblemente xeradas polas experiencias de insatisfacción, actuacións que inflúen ámbalas dúas notablemente na imaxe dos produtos e nas vendas futuras das empresas. As segundas pola incidencia do nivel de satisfacción obtido polos cidadáns no seu ambiente e calidade de vida.

Perante unha experiencia insatisfactoria cun produto, o consumidor ten varios comportamentos alternativos. A súa elección dependerá da relación «custo-beneficio» do esforzo implicado en cada unha e da propensión a reclamar do individuo. Consecuentemente, se pensa que o beneficio dunha determinada acción é tan pequeno que non compensa o esforzo, o proceso finalizará ou o incidente será ignorado. Pola contra, se os beneficios de reaccionar se percibe que compensan os custos e/ou o suxeito posúe unha forte tendencia a esixir compensacións, o proceso continuará.

Os consumidores que elixen accións públicas considerarán e avaliarán as diversas opcións de obtención de remedio. Inicialmente realízase un contacto directo con algún membro da canle de distribución. Se non fose factible e se tal esforzo se probara sen éxito, poderían buscar consello e asistencia en axencias, para a defensa dos seus intereses, públicas ou privadas. Se nada disto é eficaz, uns poucos poderían iniciar accións legais.

Se as actuacións públicas fracasan o consumidor pode exercer un boicot sobre o produto e conducir ós seus amigos a facelo mesmo. Este comportamento tamén pode formularse inicialmente, ó decidir non emprender accións públicas.

BIBLIOGRAFIA

- Andreasen, A. «Consumer Responses to Dissatisfaction in Loose Monopolies» *Journal of Consumer Research*, vol 12, setembro 1985, p. 135-141.
- Andreasen, A.; Best, A. «Consumers Complain-Does Business Respond? Harvard Business Review, xullo-agosto 1977, p. 94-104.
- Bastida, J.; Varela, J. «La Lealtad a la Marca: Una Revisión Conceptual», *Revista de Economía y Empresa*, n.º 11, 1984, p. 331-338.
- Bearden, W.; Teel, J. «Selected Determinants of Consumer Satisfaction and Complaint Report» *Journal of Marketing Research*, vol. 20, fevereiro 1983, p. 21-28.
- Brickman, P.; D'Amato, B. «Exposure Effects in a Free-Choice».
- Day, R. «Research Perspectives on Consumer Complaining Behavior». En Ch. Lamb y P. Dunne (Eds.) «Theoretical Developments in Marketing» A.M.A., 1980, p. 211-215.
- Day, R.; Landon, E. «Collecting Comprehensive Consumer Complaints Daba by Survey Research». En B. Anderson (ed.) «Advances in Consumer Research. Vol. 3» A.C.R., 1976, p. 263-268.
- Day, R.; Landon, E. «Towards a Theory of Consumer Complaining Behavior». En A. Woodside, J. Sheth y P. Bennet (Eds.) «Consumer and Industrial Buying Behavior» Elsevier North-Holland, 1977, p. 425-437.
- Day, R.; Ash, B. «Comparison of Patterns of Satisfaction/Dissatisfaction and Complaining Behavior For Durables, Nondurables and Services» En R. Day y H. Hunt (Eds.) «New Dimensions of Consumer Satisfaction and Complaining Behavior» Indiana University, 1979, p. 190-195.
- Day, R.; Grabricke, K.; Schaetzle, T.; Stavbach, F. «The Hidden Agenda of Consumer Complaining» *Journal of Retailing*, vol. 57, outono, 1981, p. 86-106.
- Diamond, S.; Ward, S.; Faber, R. «Consumer Problems and Consumerism: Analysis of Calls to a Consumer Hot Line» *Journal of Marketing*, vol. 40, 1976, p. 58-62.
- Diener, B.; Greiser, S. «Consumer Views of Redress Needs» *Journal of Marketing*, vol. 42, outubro 1978, p. 21-27.
- Gilly, M.; Gelb, B. «Post-Purchase Consumer Process and the Complaining Consumer» *Journal of Consumer Research*, vol. 9, dezembro 1982, p. 323-328.
- Grainer, M.; McEvoy, K.; King, D. «Consumer Problems and Complaints: A National View». En W. Wilkie (ed.) «Advances in Consumer Research» A.C.R., 1979, p. 494-500.
- Hirschman, E. «Innovativeness, Novelty Seeking, and Consumer Creativity» *Journal of Consumer Research*, vol. 7, dezembro 1980, p. 283-295.
- Kendall, C.; Russ, F. «Warranty and Complaint Policies: An Opportunity for Marketing Management» *Journal of Marketing*, vol. 20, abril 1975, p. 36-43.
- Keon, J. «The Bargain Value Model and a Comparison of Managerial Implications with the Linera Learning Model» *Management Science*, vol. 26, novembro 1980, p. 1117-1130.
- Landon, E. «The Direction of Consumer Complaint Research» En J. Olson (Ed.) «Advances in Consumer Research. Vol. 7» A.C.R., 1980.
- Leigh, T.; Day, R. «Satisfaction/Dissatisfaction and Complaint Behavior with Nondurable Products» En R. Day y H. Hunt (Eds.) «New Dimensions of Consumer Satisfaction and Complaining Behavior» Indiana University, 1979, p. 170-183.
- McAlister, L.; Pessemier, E. «Variety Seeking Behavior: An Interdisciplinary Review» *Journal of Consumer Research*, vol. 9, dezembro 1982, p. 311-322.
- Nielsen and Co. «A Study of Consumer Attitudes Toward Product Quality» Nielsen, 1973.
- Raju, P. «Optimum Stimulation Level: Its Relationship to Personality, Demographics and Exploratory Behavior» *Journal of Consumer Research*, vol. 7, dezembro 1980, p. 272-282.
- Resnik, A.; Harmon, R. «Consumer Complaints and Managerial Response: A Holistic Response» *Journal of Marketing*, vol. 47, inverno 1983, p. 86-97.
- Richins, M. «Consumer Perceptions of Costs and Benefits Associated with Complaining» En H. Hunt y R. Day (eds.) «Proceedings» Indiana University, 1980.
- Richins, M. «Negative Word-of Mouth by Dissatisfied Consumers: A Pilot Study» *Journal of Marketing*, vol. 47, inverno 1983, p. 68-78.
- Robertson, T. «Innovative Behavior and Communication» Holt, Rinhart and Winston, 1971.
- Singh, J. «Consumer Complaint and Behavior» *Journal of Marketing*, vol. 45, xaneiro 1988, p. 93-107.

- TARP. «Consumer Complaint Handling in America» O.C.A., 1979.
- Tse, D.; Wilton, P. «Models of Consumer Satisfaction Formation: An Extension» *Journal of Marketing Research*, vol. 25, maio 1988, p. 204-212.
- Varela, J. «La Búsqueda Externa de Información Previa a la Compra» *Boletín Económico de Información Comercial Española*, n.º 2122, 1988, p. 697-701.
- Warland, R.; Herman, R.; Willits, J. «Dissatisfied Consumers: Who Gets Upset Who Takes Action» *Journal of Consumer Affairs*, vol. 9, inverno 1975, p. 148-163.